

## INFORMACIÓN IMPORTANTE LUDOTECA E CAMPAMENTO DE VERÁN 2020

O horario das actividades será de 10.00 a 14.00 h. Reservando preferencia horaria de entrada e saída con marxes de 5 minutos para evitar congregarse varias familias na porta da instalación. Entraremos de xeito espaciado. **Non se permite a entrada das familias aos espazos por razóns de seguridade.**

As persoas que fan a entrada e recollida d@s menores deben portar “mascarilla”.

Na entrada tamén teredes un orixinal dispensador de xel hidroalcolico que deben usar @s nen@s á entrada e á saída. **OBRIGATORIO.**

Calquera persoa que se encargue da entrada/ recollida d@s nen@s debe estar en coñecemento das normas.

Cada familia é responsable do uso que fai da actividade, así como de velar polo benestar do grupo comunicando calquera sintoma de malestar, febre ou outras condicións que puidesen romper o bo funcionamento do mesmo. Esta comunicación é de **OBRIGADO CUMPLIMENTO** se mostrase síntomas @ menor ou calquera membro da unidade familiar. Calquera sintoma sospeitoso debe ser comunicado ao persoal da actividade.

MATERIAL que deben traer:

- Unha gorra e unha botella de auga co seu nome
- Unha merenda, que deberá vir nun “tupper” para facilitar a súa manipulación e limpeza . Evitar bolsas de tela e similares. Deben ser cousas que el@s mesmos poidan manipular.
- Recomendase que veñan con calzado pechado, tamén roupa cómoda.
- **É PRECISO, OBRIGATORIO, O USO DE MASCARILLAS N@S NEN@S!**
- **Pregamos que @s menores só traian as cousas (roupa, obxectos...) imprescindibles.**

### **FUNCIONAMENTO NAS ACTIVIDADES E DIVERSIÓN!**

Contamos con 40 prazas totais, e un equipo técnico de 6 monitores titulad@s máis unha directora de actividades de lecer e tempo libre que coordinará o proxecto.

A programación e organización das actividades lúdicas deste verán está regrada segundo marca o programa da Xunta de Galicia para este tipo de actividades e cumprindo tódalas normas establecidas no DOG o pasado día 12 de Xuño.

Para as actividades traballaremos SEMPRE en grupos dun máximo 14 nen@s, que serán sempre os mesmos, con dous monitores/as en cada grupo. Cada grupos pasará a xornada nun local determinado, sen estar os 3 grupos en contacto durante una mesma xornada.

As actividades que se farán serán para os 3 grupos as mesmas pero traballando de xeito rotativo, evitando así contactos masivos e aglomeracións. Traballaremos por grupos de idades.

Os novos protocolos suman en confianza para as familias sen restar diversión para @s menores.

Ximkanas, rastrexos, actividades temáticas, teatro, natureza, deporte, artes, música, festas, xogos de auga... nunha nova normalidade preparada para que @s rapaces poidan por fin gozar o seu verán!

Moverémonos por espazos como: casa da cultura, pavillón, campión, as carreiras e zonas de exterior non concurridas para evitar aglomeracións.

Este ano, como é lóxico, non se organizarán excursións ou saídas a sitios de ocio conxunto. As actividades en exterior serán actividades de tipo natureza ou deportivas.

Polos diferentes espazos nos que de xeito rotativo e en parellas irán pasando con tempos de \*COMANDOMATABICHOS\* (limpeza) entre as rotacións. Está organizado dun xeito tan lúdico que estamos seguras que collerán o hábito rápido. Ademais de contarlles (ó noso xeito creativo) a importancia de cambiar certos hábitos durante a actividade e dos reiterados lavados de mans (que ademais terán premio). Todo se pode adaptar a esta nova normalidade.

### **OUTRAS CONSIDERACIÓNS:**

O DOG do pasado día 12 de Xuño é o que establece as medidas nas actividades de ocio e tempo libre en Galicia, podendo estas sufrir modificación en función da evolución da pandemia, polo que de haber modificación nos protocolos serán revisados pola organización e notificados ás familias.

### **INSCRICIÓNS E PAGOS:**

Para formalizar as inscricións debes cubrir e entregar a folla de inscrición nas Oficinas do Concello. Habrá que presentar unha folla por cada actividade.

A inscrición de cada unha das actividades ten un custe de 20 € por participante. A partir do 1º irmán, 2º e sucesivos o custe será de 15 €.

O pago deberá realizarse a través do ingreso no número de conta da empresa xestora do servizo (Pinchacarreira) entre o 1 e o 3 de xullo de 2020. Dito número de conta será facilitado con data 1 de xullo ás persoas que rexistren previamente a súa folla de inscrición no Concello. A falta de pago implicará a perda do dereito a participar na actividade.

### **PERSOAL DO CENTRO:**

Incrementamos tamén o número de monitores por nen@. Estando este verán 6 monitoras tituladas con menos nen@s que os anos anteriores + 1 directora de actividades de ocio e tempo libre. Para calquera dúbida facilitarémvos os seguintes contactos: Tfno: **988 32 92 60** Correo electrónico: [cimviana@gmail.com](mailto:cimviana@gmail.com)

(Unha vez iniciada a actividade facilitaránsevos outros teléfonos para un contacto máis directo con monitores/as).